

Liñas dinámicas de traballo dunha escola de Arte

Ángel M. Lázaro Sastre

Escola de Arte e Superior de Deseño (Santiago de Compostela)

aml@s@edu.xunta.es

A experimentación e implantación dos novos plans de estudos leváronnos a desenvolver liñas de actuación e actividades dentro do marco europeo. O intercambio de saberes e experiencias con outros países permitiunos mellorar a nosa práctica e iniciar un camiño de apertura ao exterior que enriqueceu os recursos do centro e as ensinanzas relacionadas co deseño.

Os proxectos europeos

A Escola de Arte Mestre Mateo imparte 3 ciclos e 2 estudos superiores (Deseño de Moda e Deseño de Produto). Principiamos a experiencia que se relata neste artigo cun proxecto, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixido aos asesores participantes no desenvolvemento dos currículos dos ciclos formativos, o Leonardo: "Educación Nuevo Milenio" no fluxo a Finlandia, cuxa finalidade é coñecer as ensinanzas artísticas e profesionais e atopar socios para futuros proxectos, visitando empresas e centros formativos. Este estaba coordinado polo Lounais-Suomen Kási-ja taideteollisuusoppilaitos e destinado á familia de Xoiería artística. A partir de aí comezan os proxectos de mobilidade para estudantes. A primeira fase realízase no ano 1999 co "Stonemasonry skills in Europe", que repetimos no 2000. Na segunda, implicámonos no "Stonecarving and stonemasonry skills in Europe 2000-2001" e "Granite technology in Europe". Ambos compartímolos co IES Ribeira do Louro, que coma nós estaba interesado en fomentar o ensino e o traballo da pedra no noso país.

En paralelo, e dende o 1999 ata o 2001, participamos noutro proxecto para docentes, o Sócrates (Comenius): Acción 1: "La didattica della progettazione-esperieze a confronto 1999-2001", que nos permitiu relacionarnos co Istituto Statale d'Arte Cortina d'Ampezzo (Italia), centrado nas ensinanzas artísticas. A Consellería de Educación cofinanciou algunha das estadias, como "Stonecarving techniques and stonemasonry skills in Europe", en 2002; "Stonemasonry skills in Europe", nese mesmo ano; e outras pequenas, á marxe dos proxectos Leonardo, como "Moda en Bretaña 03" e "Moda en Bretaña 04".

Todos estes contactos, que tiñan como centro de interese a pedra natural e a moda, achegaron aprendizaxes moi interesantes, tanto para os alumnos e as alumnas, como para nós, ao facilitarnos:

- A adquisición de novos coñecementos profesionais e culturais, nun clima de traballo dual (empresa-escola) e a aproximación á realidade europea.
- Unha mellora das capacidades lingüísticas dos alumnos e das alumnas, ao convivir en casas e residencias cos estudantes daquel país, ademais de relacionarse cos compañeiros das empresas e cos alumnos das escolas.
- O intercambio de experiencias entre o profesorado que participaba nos proxectos, e un maior e mellor coñecemento dos traballos relacionados cos ciclos que impartimos, nos mercados europeos.

As TIC contribuíron a mellorar a aprendizaxe do alumnado e facilitaron a apertura e a comunicación do centro co exterior



O deseño e a pedra

As dúas visitas preparatorias a Irlanda e Francia levaron á montaxe dos dous proxectos máis grandes desenvolto nos últimos anos, tanto no que atinxe ao número de beneficiarios, como ao impacto acadado e ao orzamento investido: un Leonardo bianual para mozos titulados en deseño, e un Interreg IIIB.

O primeiro, "Design and New technologies in Europe 04-05", abreviado "Dante", estaba moi centrado no deseño e na loita pola implantación dos estudos superiores na nosa Comunidade. No seu desenvolvemento tivemos que vencer bastantes dificultades de xestión, derivadas dos cambios na Axencia Nacional, motivados, á súa vez, polo cambio de goberno do Estado. A nova situación levounos a ter que renegociar cos socios dos catro países de acollida: Francia, Italia, Portugal e Irlanda.

Esta experiencia pioneira veuse sumar ao esforzo por encamiñar as ensinanzas artísticas e profesionais cara aos campos do deseño. Sempre entendemos que a lenta incorporación destes contidos nos plans de estudos estaba a prexudicar, tanto ao propio sistema educativo como ao tecido industrial e de servizos da Comunidade. De aí que as tarefas programadas para os estudantes fosen, tamén no marco Leonardo, estancias en empresas e centros de formación relevantes en deseño, con plans de estudos activos para facilitar a adquisición de coñecementos profesionais descoñecidos ata entón, sobre todo no relacionado co emprego creativo das TIC. Ao mesmo tempo, tíñase moito en conta a perspectiva cultural, pois entendiamos que a iniciativa debía favorecer unha visión aberta de Europa, e mellorar as capacidades lingüísticas do alumnado.


O resultado foi un programa formativo de estadias en prácticas nos catro países de acollida, para completar a formación recibida nas nosas escolas; un aumento das competencias en procesos innovadores, baseados no uso das TIC e aplicadas ao campo concreto do deseño; e unha mellora das competencias lingüísticas en inglés e no idioma do país de destino. Tamén o centro tivo a ocasión de coñecer outras escolas superiores e facultades de deseño, e entrar en contacto cos plans de estudo e cos contidos. Mentres que se desenvolvía esta experiencia, no ano 2004, obtivemos axuda da Consellería a través do proxecto "Deseño e Novas tecnoloxías 04 Dante".

O Interreg IIIB transcorría nun ámbito interrexional moito máis completo que os proxectos Leonardo, dentro da iniciativa comunitaria INTERREG Sudoe IIIB (Programa operativo sudoeste Europeo 2000-2006) co nome "P.P.I.E.R. La pierre et le patrimoine: innovation, environnement et recherche" cos Compagnons du Devoir-Institut de la Pierre. O proxecto tiña como obxectivo revalorizar o traballo da pedra natural no sudoeste europeo dende o 2002 ao 2005.

O principal valor engadido da experiencia interrexional foi a suma de esforzos de todos os socios, coas súas achegas técnicas e didácticas.

Neste caso traballamos arredor de catro liñas principais:

- Os intercambios de estudantes e profesionais de cada socio co resto do partenariado, para a transmisión e conservación do saber-facer.
- As accións de estudos e de investigación para a realización da base de datos técnica (www.infopierre.com).
- A sensibilización e promoción, a través dunha exposición itinerante, levada a cabo no 2004, e dun coloquio sobre a pedra natural e o patrimonio construído como factor de desenvolvemento económico.



- A innovación baseada no "saber-facer" tradicional para crear novas aplicacións e novos produtos realizados en pedra que a integren na contemporaneidade.

A nosa achega á experiencia estivo centrada en coñecementos técnicos. Tamén hai que sinalar que a gran diversidade que se daba nos grupos formados polos socios foi un valor engadido que enriquecía cada unha das actividades. O noso centro foi o encargado de organizar os módulos de formación rela-

cionados coa talla en granito para os socios franceses e portugueses. Participamos na preparación de cada acción e asumimos, xunto co IES Ribeira do Louro, a xefatura de tarefa na concepción e realización específica da exposición itinerante sobre o traballo da pedra por Santiago, Rodez, Almería, Porto e O Porriño. Por último, fomos os encargados de difundir o proxecto e os seus produtos: glosario, bases de datos técnica transnacional, publicación sobre a restauración, etc.

Presenza do centro en diferentes contextos

As aprendizaxes amoreadas ao longo destes anos leváronnos a participar noutros proxectos europeos, como o andaluz "Design and Marketing as tools for the improvement of competitiveness in the Natural Stone Sector in Europe" DIMARKSTONE 2007, ou o da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agora dentro do ámbito Lifelong Learning Programme 2007-2013, para proxectos multilaterais: Key Activity 2: Languages, denominado "Chinesecom". Neste caso, a acción está centrada na aprendizaxe do chinés a través de Internet, e vai destinada, prioritariamente, ás empresas e profesionais que na actualidade manteñen relacións con China, ou que as van establecer.

No ano 2007, cos cambios de contexto da educación superior, obtivemos a Carta Universitaria ampliada Erasmus para a xestión das bolsas dos estudos superiores de deseño, co sistema europeo de créditos e válida no Lifelong Learning Programme 2007-2013. Nestes momentos realizamos saídas para visitar fábricas, feiras e exposicións, como as realizadas a PICUSA, Toytes, Dáquela, Montoto; e exposicións guiadas e talleres, como Gargallo na Coruña (Escultura), Sebastião Salgado (foto), Yves Saint Laurent (moda) ou a Fundación Caixa Galicia na Coruña. O relevante non son as

saídas en si, senón a motivación que suscitan no profesorado, que asume a súa xestión e resolución dentro da programación didáctica.

Participamos na promoción dos ciclos/estudos coas outras escolas: Escultura e Fotografía; ou ben con aqueles propios: Xoiería e Deseño de Moda. Por outra banda, aceptamos visitas doutros centros que queren coñecer a nosa oferta formativa. Deste tipo de visitas recibimos unha ducia cada ano.

Algúns catálogos

- *Obradoiro de Pedra* (2000).
- *Los dibujos de la Alameda*, da antiga especialidade de Delineación artística, publicado polo Consorcio da cidade.
- *Estudios Superiores de Deseño. Modelo Curricular*. Impreso pola escola, 2004, cunha versión estendida do currículo en formato PDF e en CD.
- *La piedra y el patrimonio. Un proyecto europeo* (2006) edición trilingüe español-francés-portugués. Con "Glossaire/Glosario: Pierre, patrimoine, innovation, environnement, recherche".

Bibliografía

- LEMA, J. e LAZARO, A. (2000) *Obradoiro de Pedra*. Santiago de Compostela, Ed. EAMM.
- SOUSA, J. e PEREIRA, F. (1988) *Historia de la Escuela de Arte y Oficios de Santiago*. A Coruña, Deputación da Coruña.
- VILARIÑO, J. (1996) *Catálogo Xoiería*. Santiago de Compostela, Ed. EAMM.
- VV. AA. (1992) *Los dibujos de la Alameda*. Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago.
- VV. AA. (2004) *Estudios Superiores de Deseño. Modelo Curricular*. Santiago de Compostela, Ed. EAMM.
- VV. AA. (2006) *La piedra y el patrimonio. Un proyecto europeo*. Santiago de Compostela, Ed. EAMM.

Os novos deseñadores

O Centro de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela ofrece actividades que complementan a formación de base recibida polo alumnado. Así nas I Jornadas de Moda contemporánea Mestre Mateo participaban, durante as tres primeiras semanas de abril, os novos deseñadores: Txell Miras, Jan iú Més e Carme Núñez. A través das súas testemuñas o noso alumnado puido apreciar o traballo de profesionais que deron o salto á vida laboral, creando liñas orixinais e levando á práctica os seus deseños.

Por outra banda, o centro posúe unha sala de exposicións que permanece aberta todo o ano e na que se expoñen obras individuais e colectivas. As primeiras son as que fan os estudantes para mostrar os traballos realizados nos talleres e nas clases. Pola sala teñen pasado obras de gran valor creativo, como as de Tucho Abalo ou de Nando Lestón, dous estudantes da escola nas especialidades de Escultura e Decoración, respectivamente, e con traxectorias orixinais nos campos da escultura e a pintura. O Tucho recrea as fantasías interiores en pedra e vidro reciclado, e Lestón mestura a paisaxe e o mundo onírico, evolucionando ata as instalacións.

Para saber máis

Historia de la Escuela de Arte y Oficios de Santiago. A Coruña, Deputación de Coruña, 1988. Publicación feita con motivo do centenario da súa creación.